

GUIÓN ESTÁNDAR O CONFLICTO RAZÓN-FE NA FILOSOFÍA MEDIEVAL

1. ESTRUTURA XERAL ESTÁNDAR ETAPA-CORRENTE HISTORIA DA FILOSOFÍA:

Esta estrutura de estándar é axeitada para cando haxa que elaborar a redacción dun tema que corresponda a unha etapa da Historia da Filosofía que inclúa varios autores ou correntes (aínda que tamén pódese adaptar aos estándares que correspondan a un único filósofo). A estrutura que a continuación se suxire non debe aparecer explícita ou *visible* na redacción

- **INTRODUCCIÓN-PRESENTACIÓN-PROBLEMA FILOSÓFICO:** A redacción do estándar debe comezar por unha introdución na que se presente o problema ou asunto filosófico que se vai a desenvolver a continuación. Resulta útil explicar en que parte da filosofía se enmarca, a saber, antropoloxía, filosofía política, ontoloxía ou concepción da realidade, teoría do coñecemento ou gnoseoloxía, epistemoloxía ou teoría da verdade, filosofía moral ou ética, etc.
- **DIVERSAS SOLUCIÓN-SPERCORRIDO HISTORIA DA FILOSOFÍA:** Despois da presentación xeral do asunto ou cuestión filosófica que se vai explicar, cómpre facer un percorrido histórico para ver como se abordou a cuestión por parte de diversos filósofos. Con outras palabras, hai que explicar as solucións ou respostas que se deron ao problema formulado dende algúns dos filósofos ou correntes filosóficas do período da Historia da Filosofía que estamos a explicar.
- **CONCLUSIÓN:** Neste punto da redacción do estándar trátase de recapitular as aportacións-solucións ofrecidas polos autores ou correntes da historia da filosofía que trataron o tema filosófico que estamos explicando facendo un compendio-resume que recolla os puntos principais do apartado anterior.
- **VALORACIÓN CRÍTICA:** Finalizamos a redacción elaborando unha valoración crítico-persoal argumentada na que manifestamos o noso acordo ou desacordo coas teorías filosóficas presentadas.

2. ESTRUTURA ESPECÍFICA+CONTIDOS O CONFLICTO RAZÓN-FE NA FILOSOFÍA MEDIEVAL:

- **INTRODUCCIÓN-PRESENTACIÓN-PROBLEMA FILOSÓFICO:** Empezamos a redacción do estándar cunha introdución coa que presentamos o problema filosófico a explicar. No caso do estándar proposto hai que introducir a tensión que se produce entre a razón e a fe, a saber, o conflito que se da entre a filosofía e a teoloxía, ou entre a ciencia e a teoloxía, á hora de determinar a verdade ou a falsidade no campo da filosofía e da ciencia. Por tanto, son pertinentes as respostas ás seguintes cuestións que podemos enunciar a modo de introdución e que debemos responder ao longo do escrito vendo as respostas de cada filósofo ou corrente filosófica (percorrido histórico) e quitando as conclusións finais (conclusión):

¿Por que se dá un conflito entre a razón e a fe na filosofía medieval?, ¿que tipo de facultades de coñecementos son a fe e a razón para que a súa relación resulte conflitiva?, ¿cales son os seus correspondentes fundamentos ou as súas bases?, ¿resultan converxentes ou diverxentes?

- **DIVERSAS SOLUCIÓN-SPERCORRIDO HISTORIA DA FILOSOFÍA:** Na parte que constitúe o corpo principal do estándar, explicaremos como resolveron a tensión entre a razón e a fe algúns dos máis destacados representantes da filosofía medieval, nomeadamente e por orde cronolóxico, Agustín de Hipona, que *grasso modo* ven a representar a *postura mainstream*, Tomás de Aquino, o averroísmo latino, Guillerme de Ockham. Entre outros asuntos que debemos recoller na redacción do estándar, hai que tratar de ver como responden ás seguintes cuestións os máis destacados representantes da filosofía medieval:

¿Que clase de facultade de coñecemento é a razón?, ¿a que tipo de verdades conduce?, ¿a que clase de saber da lugar?, ¿que clase de facultade de coñecemento é a fe?, ¿que tipo de verdades permite descubrir?, ¿que clase de saber resulta da fe?, este conxunto de facultades e verdades que derivan respectivamente da fe e da razón, ¿son compatibles ou incompatibles?, ¿complementáanse ou non?, ¿hai un saber e unha verdade considerada superior?, ¿hai outro saber e verdade inferior e subordinada?

• **CONCLUSIÓN:** A modo de resume ou compendio final, extraemos as principais conclusións de cada unha das correntes ou filósofos que explicamos tratando de quedarnos co cerne-núcleo da súa teoría no que atinxe ao problema filosófico abordado.

En definitiva, estas son algunhas das posibles conclusións ás que se podería dar unha resposta persoal:

¿Que verdades teñen un rango superior, as da razón ou as da fe?, ¿a solución aportada ao conflito razón-fe por Agustín e a *postura mainstream*, Tomás, o averroísmo latino, Ockham encaixaría dentro dun criterio de verdade extrínseco ou intrínseco?, ¿totalmente externo?, ¿totalmente interno?, en función do tipo de verdade da que se trate: ¿parcialmente extrínseco?, ¿parcialmente intrínseco?, ¿que relación manteñen as dúas verdades, a da fe e a da razón?, ¿que relación establecen filosofía e teoloxía?, ¿de igualdade ou de subordinación?

• **VALORACIÓN CRÍTICA:** Trátase de facer un xuízo crítico persoal e argumentado das respostas dadas por estes filósofos e/ou correntes filosóficas ao problema da relación entre a razón e a fe, a ciencia e a teoloxía, a filosofía e a teoloxía. Debemos deixar claramente indicada a resposta que máis nos convenceu e indicar os motivos de porqué consideramos que é válida. Tamén podemos colocar o foco naquela posición filosófica coa que máis en desacordo estamos e explicar porqué esa solución nos resulta inválida ou inaceptable.

- **ADDENDA VOCABULARIO FILOSÓFICO:** Indícase, a continuación, o vocabulario básico necesario para a redacción deste estándar. Con carácter xeral para todas as **escolas filosóficas da Idade Media:** filosofía escolástica, razón, fe, teoloxía, teoloxía revelada, teoloxía natural, verdades de razón, verdades de fe, verdade natural, verdade revelada, criterio externo de verdade, criterio interno de verdade, preámbulos de fe, artigos de fe, teoría da dobre verdade.
- **ADDENDA REVOLUCIÓN CIENTÍFICA-GALILEO:** Dado que o conflito entre a razón e a fe chega ate os primeiros séculos da Modernidade, sería recomendable incluír unha explicación de como a ciencia moderna, especialmente Galileo, aborda e resolve esta problemática relación entre ciencia e teoloxía. Hai varias opcións á hora de elixir onde recoller esta temática dentro da redacción do estándar: podería ir na introducción ou presentación do tema, tamén podería formar parte das conclusións. Caben outras posibilidades en función do desenvolvemento da redacción do tema. Aparte de outros conceptos anteriormente mencionados e que encaixan aquí, podemos citar os seguintes: autonomía da ciencia, autonomía da razón, crítica do argumento de autoridade.